



Resolución do 14 de outubro de 2019, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para cubrir unha praza de auxiliar administrativo/a na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, pola que se fai pública a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo.

1. En sesión que tivo lugar o día 14 de outubro de 2019, o tribunal nomeado mediante o Acordo do 9 de setembro de 2019, da secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (por delegación), para cualificar o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo/a na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

“Primeiro. De conformidade co establecido na base 7 da convocatoria, facer pública a relación definitiva de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo/a na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, con indicación da puntuación obtida como suma das puntuacións das fases indicadas na epígrafe 3 destas bases, ordenada de maior a menor, así como o número do documento de identidade.

Apelidos, nome	DI	Fase 1: oposición	Fase 2: concurso	Fase 3: entrevista	Puntuación
Patricia Ruiz, Mariana	***3247*	27,1	10,5	4,83	42,43
Sabajanes, Analía Isabel	***4554*	24,2	15,0	3,00	42,20
Sineiro, Silvina	***9865*	17,1	7,5	2,87	27,47

Segundo. Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada, perante a secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

2. Publíquese esta resolución no taboleiro de anuncios da Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires e na páxina web da Xunta de Galicia <http://cpapx.xunta.es/exteriores-portada-exteriores> o 16 de outubro de 2019.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

José Antonio Casas Calviño

Presidente do tribunal